



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA OITO DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS

Expte: 2022/G007/000029

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás dez horas, do día oito de setembro de dous mil vinte e dous, reúnen-se en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez e dona Jessica Sabín Fernández. Non asiste excusando a súa asistencia don Alejandro Antonio García Sousa, para celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día de hoxe.

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro, e aberta a sesión pola Presidencia, celébrase a sesión co debate e votación dos asuntos da Orde do Día.

PARTE RESOLUTIVA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 25.08.222 (ORDINARIA).

O sr. alcalde preguntalles aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión dita queda aprobada sen nengunha obxección pola Xunta de Goberno Local (en votación ordinaria e votos favorables dos asisentes á sesión do 25.08.22).

2º.-RECTIFICACION DE ERRO PADECIDO NO ACORDO DE PRÓRROGA DE LICENZA DE OBRAS (EXPTE. NÚM. 17/2019); ADOPTADO EN SESIÓN DE XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 03.02.2022.-

En Xunta de Goberno Local de data 03.02.2022 apróbase a prórroga da licenza de vivenda unifamiliar do expte. de obras 07/2019, solicitada polo promotor Fernando Pérez Fernández.

A Secretaria, debidamente autorizada pola Presidencia fai constar ao respecto a existencia dun erro na aplicación da taxa pola tramitación de dito expediente e de que procede a rectificación conforme o artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas: “ *Revogación de actos e rectificación de erros. As administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou por instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos*”.

Polo que a Xunta de Goberno Local, neste caso de oficio, procede á emenda do dito erro, de xeito que no punto 2º do acordo adoptado debe figurar como importe da taxa 4,90 € e non 48,08 €; sin que o contido do acordo adoptado na sesión do 3.02.22, sofra nengún outro cambio; procedendo tamén trasladar dita corrección aos negociados administrativos municipais implicados para os debidos efectos.

3º.-APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN E COMEZO DA ADXUDICACIÓN DA CONCESIÓN DA EXPLOTACIÓN DA CAFETERIA DA PRAIA DA FROUXEIRA (EXPTE. NÚM. 2022/C006/000004).-

PROPOSTA DE ALCALDÍA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

“Asunto: APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA CONCESIÓN DA EXPLOTACIÓN DA CAFETERÍA NA PRAIA DA FROUXEIRA

Expediente: 2022/C006/000004

Por Providencia de Alcaldía de data 20.07.22 dispuxose o comezo do expediente de concesión demanial (concesión de servizos) da explotación da cafetería con anexos da Praia da Frouxeira- parroquia e término municipal de Valdoviño; proponendo o comezo do expediente mediante contrato de concesión de servizos, procedemento aberto, con pluralidade de criterios de adxudicación.

Consta no expediente instruído a este efecto a documentación seguinte asinada:

-Informe de valoración: Canon de concesión do servizo de cafetería na Praia da Frouxeira, emitido por técnico competente no que se recolle información urbanística do inmovible, afeccións sectoriais, estado actual da construción, valoración catastral, obras de acondicionamento a realizar, valoración canon, Anexo con valoración catastral e Anexo co orzamento estimado para os traballos de acondicionamento.

.- Memoria xustificativa da necesidade da contratación asinada pola Alcaldía en cumprimento do disposto no artigo 28.1 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público; onde se recolle o obxecto do contrato, a necesidade a satisfacer (seguer facilitando o servizo existente aos usuarios precisando a contratación externa ante a carencia de persoal para a prestación do mesmo), a cualificación do contrato e xustificación do procedemento de adxudicación (optase por unha pluralidade de criterios baseados no principio de mellor relación calidade-prezo); as características do contrato e a sostenibilidade financeira (asinada 20.07.22).

.- Prego de cláusulas administrativas particulares (asinado en expte o 20.07.22)

.- Prego de prescricións técnicas (asinado en expte o 20.07.22)

.- Informe xurídico da secretaría municipal sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir. (asinado en expte o 20.07.22)

.- Informe da intervención municipal de data 20.08.22; que abarca contido de lexislación, antecedentes do expediente, fiscalización do prego e conclusión.

Vistas as características do contrato que se pretende adxudicar:

Administración contratante: Concello Valdoviño

Procedemento : Aberto, con pluralidade de criterios de adxudicación. (Art. 156 LCSP)

Tramitación: Ordinaria

Tipo contrato: Concesión demanial

Vocabulario común contratos Públicos CPV.- 55410000-7.- Servizo de xestión de bares

Canon base licitación e valor.- Prezo mínimo sen IVE: 3.070,49 euros. IVE.- Non suxeito.

Valor estimado: 9.211,47 euros

Duración da concesión.- Inicial: 3 anos. Máximo: 5 anos

CONSIDERANDO que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable e Visto que polo valor estimado do contrato o órgano de contratación con competencia e o Alcalde, se ben esta competencia quedou delegada na Xunta de Goberno Local por decreto de alcaldía núm. 229/19 de 25 de xuño, polo que en base a todo o exposto,

Esta Alcaldía, PROPÓN á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación para a concesión da explotación da cafetería da Praia da Frouxeira que conta con espazos exteriores anexos, por procedemento aberto con pluralidade de criterios de adxudicación, tramitación ordinaria; tramitado no expte núm. 2022/C006/000004.

Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas que constan incorporados no expediente e que rexerán o contrato de concesión demanial.

Terceiro.- Publicar a licitación na Plataforma de Contratos do Sector Público, onde se aloxa o perfil do contratante; actuando como mesa de contratación, la Mesa de Contratación Permanente aprobada neste Concello polo Pleno da Corporación.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local, decidirá o máis convinte.
/Documento datado e asinado polo sr. alcalde na marxe do mesmo/.”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos catro membros asistentes á sesión acordou a probación da proposta de Alcaldía que antecede.

4º.- APROBACIÓN DE GASTOS. RELACIÓN DE FACTURAS F/2022/33.-

A secretaria presenta as facturas a aprobar, a proposta de acordo con respecto a este punto que de seguido se transcribe e o informe de intervención, documentos que constan asinados no correspondente expediente (2022/X999/000099).

PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA:

“Elaborouse a seguinte relación de facturas que figura co número F/2022/33 e que se remitiu pola Intervención Municipal. A contía total da presente relación de 8 facturas ascende á cantidade de CENTO TRINTA MIL TRESCENTOS NOVENTA E CATRO EUROS CON SETENTA E NOVE CÉNTIMOS (130.394,79 €). As facturas que integran a antedita relación figuran como anexo á proposta.

A Alcaldía, de acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03,

PROPÓN:

PRIMEIRO.- APROBAR a relación de facturas sinalada, F/2022/33 por importe bruto de 130.394,79 euros.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica

O alcalde: Asdo. D. Alberto González Fernández (*Asdo. dixitalmente*)”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos catro membros asistentes á sesión acordou a probación da proposta de Alcaldía que antecede.

5º.- APROBACIÓN DE GASTOS. RELACIÓN DE FACTURAS F/2022/34 (OFI).-

EXPEDIENTE Nº: 2022/X999/000100

PROCEDEMENTO: OMISIÓN DA FUNCIÓN INTERVENTORA 8/2022

PROPOSTA DE ACORDO DA XGL:

Resultando que por parte da Intervención Municipal emitíuse informe de omisión da fiscalización previa preceptiva nº 8/2022 (EMP ??/2022) con data 29/08/2022 en cumprimento do que dispón o artigo 28 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local – RCI- relativo ao gasto seguinte:

Natureza do gasto	Contrato administrativo de servizos e transferencia corrente ao outra entidade local
Datos da relación de facturas	Factura núm. A38 de 31/05/2022 emitida CIAMARÍA MÚSICA, S. C. por importe de 3.256,00 € e Factura núm. A 39 de 30/06/2022 emitida por CIAMARÍA MÚSICA, S. C. por importe de 3.256,00 €, e aportación municipal por importe de 6412,21 € a favor do Concello de Moeche para acondicionamento de nave como centro comarcal de desenvolvemento rural incluídas na relación de facturas F/2022/33.
Nº e data de rexistro	Rexistro en contabilidade nº 2022/1326 de 02/06/22, 2022/1662 de 05/07/2022 e 2022/1939 de 02/05/2022
Órgano xestor	Alcaldía
Importe	12.924,24 €
Órgano competente	Xunta de Goberno Local

Resultando que o informe emitido pola Interventora remitiuse ao Órgano Xestor dos Gastos, que informou en data 29/08/2022 o seguinte:

“(…)

- PRIMEIRO.- En data 29/08/2022, instouse a este Servizo o inicio de expediente de omisión da función interventora nº 8/2022.
- SEGUNDA.- Tal e como consta no comunicación de Omisión da Función Interventora remitido a este Servizo, sobre a aprobación das facturas facturas núm. A38 de 31/05/2022 emitida CIAMARÍA MÚSICA, S. C. por importe de 3.256,00 € e Factura núm. A 39 de 30/06/2022 emitida por CIAMARÍA MÚSICA, S. C. por importe de 3.256,00 €, e aportación municipal por importe de 6412,21 € a favor do Concello de Moeche para acondicionamento de nave como centro comarcal de desenvolvemento rural incluídas na relación de facturas F/2022/33, non se efectuou o preceptivo e previo trámite de fiscalización e intervención previa.
-

As presentes facturas foron conformadas pola Concelleira Delegada de área e polo Sr. Alcalde tras comprobar que o servizo fora prestado efectivamente e o expresado na factura correspóndese en servizo e prezo co pactado.

No mes de maio de 2021 finalizou o contrato do servizo da escola municipal de música suscrito con CIA MARIA MÚSICA prorrogado segundo acordo de Xunta de Goberno Local de data 08/08/2019 durante os cursos 2019/2022 e 2020/2021. Atopámonos ante un servizo continuado no tempo e que non poden deixar de prestarse por ser necesarios e imprescindibles para poder cumprir co normal funcionamento desta Administración. Exposto o anterior e a clara necesidade de prestación deste servizo cómpre proceder á licitación ao tratarse dunha necesidade estrutural continuada no tempo, o que ademáis pode revertir nunha mellora do prezo por baixas nas ofertas das empresas interesadas en formar parte do procedemento de contratación.

Atopámonos ante un servizo continuado no tempo e que non poden deixar de prestarse por ser necesarios e imprescindibles para poder cumprir co normal funcionamento desta Administración. Exposto o anterior e a clara necesidade de prestación deste servizo cómpre proceder á licitación ao tratarse dunha necesidade estrutural continuada no tempo, o que ademáis pode revertir nunha mellora do prezo por baixas nas ofertas das empresas interesadas en formar parte do procedemento de contratación.

- TERCEIRA.- Tal e como consta na comunicación de Omisión da Función Interventora 8/2022 remitida a esta Alcaldía, en relación coas facturas núm. A38 de 31/05/2022 emitida CIAMARÍA MÚSICA, S. C. por importe de 3.256,00 € e Factura núm. A 39 de 30/06/2022 emitida por CIAMARÍA MÚSICA, S. C. por importe de 3.256,00 €, e aportación municipal por importe de 6412,21 € a favor do Concello de Moeche incluídas na relación F/2022/34 por importe total de 12.924,21 euros.

A Alcaldía si tivo constancia da factura, e si constatou a prestación referida da que deriva esta obriga de pago e que o prezo se axusta ao de mercado.

- CUARTA.- Este servizo non considera oportuno facer novas observacións o referido informe de Omisión da Función Interventora.

(...)

Resultando que o Informe da Interventora expresamente dispón que se o Órgano Xestor manifesta que as prestacións se axustan ao prezo de mercado non é necesario instar a revisión do acto, sendo suficiente que a Xunta de Goberno Local resolva sobre a aprobación da obriga polo importe do gasto.

Considerando que a non aprobación das facturas núm. A38 de 31/05/2022 emitida CIAMARÍA MÚSICA, S. C. por importe de 3.256,00 € e Factura núm. A 39 de 30/06/2022 emitida por CIAMARÍA MÚSICA, S. C. por importe de 3.256,00 €, e aportación municipal por importe de 6412,21 € a favor do Concello de Moeche, incluída na relación de facturas F/2022/34, produciría un trastorno grave na actividade municipal que prexudicaría enormemente os intereses xerais do municipio, dado que se podería considerar que se produciría un enriquecemento inxusto da Administración, e en caso de non proceder ao pagamento do gasto indicado, con toda seguridade o perxudicado dirixiríase aos tribunais cumprindo cos criterios que a xurisprudencia esixe para o enriquecemento inxusto. A condena ao pagamento a cargo do Concello incluíría ademais as custas procesais e os xuros de demora.

Dado que se constatou a prestación do servizo mediante as facturas núm. A38 de 31/05/2022 emitida CIAMARÍA MÚSICA, S. C. por importe de 3.256,00 € e Factura núm. A 39 de 30/06/2022 emitida por CIAMARÍA MÚSICA, S. C. por importe de 3.256,00 €, e aportación municipal por importe de 6412,21 € a favor do Concello de Moeche conformadas polo Concelleiro delegada de área e polo Sr. Alcalde e que o prezo se axusta ao de mercado.

E comprobouse a existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente para satisfacer o importe do gasto.

Considerando que o artigo 28.2 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local – RCI-, atribúe ao Alcalde a competencia para adoptar a resolución procedente. Polo que se expuxo,

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar a relación de facturas nº F/2022/34 integrada por facturas núm. A38 de 31/05/2022 emitida CIAMARÍA MÚSICA, S. C. por importe de 3.256,00 € e Factura núm. A 39 de 30/06/2022 emitida por CIAMARÍA MÚSICA, S. C. por importe de 3.256,00 €, e aportación municipal por importe de 6412,21 € a favor do Concello de Moeche (nº rexistro das facturas en

contabilidade 2022/2022, 2022/1662 e 2022/1939 de 02/06/2022, 05/07/2022 e 02/05/2022)

SEGUNDO.- Trasladar o presente acordo ao Órgano Xestor, á Intervención, á Tesourería Municipal para o seu coñecemento e efectos oportunos, e o Pleno na primeira sesión que se celebre.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

Asdo.- Alberto González Fernández
Alcalde do Concello de Valdoviño”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos catro membros asistentes á sesión acordou a probación da proposta de Alcaldía sinalada.

FÓRA DA ORDE DO DÍA

A Presidencia presenta por via de urxenza a Aprobación dunha Certificación de obra, visto que se procedeu á súa recepción e que convén tela xustificada ante a Deputación Provincial. A Xunta de Goberno Local, aprecia a urxenza e inclúese este asunto na seguinte Orde do Día, conforme ao seguinte contido:

.- APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN Nº 3 E FINAL DA OBRA CONTIDA NO PROXECTO: “REPARACIÓN DE ESTRADAS EN BECEIROS, DOMONDÓ, FRÁDIGAS E OUTROS”.-

Asunto: Aprobación da Certificación indicada

EXPEDIENTE: Nº 2022/X999/000101

Procedemento: OMISIÓN DA FUNCIÓN INTERVENTORA 10/2022

PROPOSTA DE ACORDO Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

“Resultando que por parte da Intervención Municipal emitiuse informe de omisión da fiscalización previa preceptiva nº 10/2022 (EMP 84/2022) con data 07/09/2022 en cumprimento do que dispón o artigo 28 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local – RCI- relativo ao gasto seguinte:

Órgano xestor	Exercicio	Aplicación	Terceiro	Importe
Alcaldía	2022	453-61900	SYR-AMG S.L.	59.316,84€
Obxecto do gasto	Data de realización	Natureza xurídica		
Certif. Nº 3 -F do contrato	Data certif. 05/08/20	Contrato de obra		

de obras "Reparación de estradas en Beceiros, Domondó, Fradigas, etc"	22			
--	----	--	--	--

Resultando que o informe emitido pola Interventora remitiuse ao Órgano Xestor dos Gastos, que informou en data 08/09/2022 o seguinte:

“(…)

- PRIMEIRO.- En data 07/09/2022, instouse a este Servizo o inicio de expediente de omisión da función interventora nº 10/2022.
- SEGUNDA.- Tal e como consta no comunicación de Omisión da Función Interventora remitido a este Servizo, sobre a aprobación da Certificación nº 3 e final contrato de obras “Reparación de estradas en Beceiros, Domondó, Fradigas, etc” (e a correspondente factura núm. 1220045 de 05/08/2022), do que deriva que produciuse a introducción dun novo prezo no contrato de obras sen seguir o procedemento contradictorio que marca o artigo 242.4 ii LCSP e que non se efectuou o preceptivo e previo trámite de fiscalización e intervención previa.

Non obstante, este órgano xestor sí tivo constancia da Certificación nº 3 e final do contrato de obras “Reparación de estradas en Beceiros, Domondó, Fradigas, etc” e sí constatou:

- a prestación referida da que deriva esta obriga de pago e que o prezo se axusta ao de mercado xa que os prezos unitarios da factura e certificación de obra **coinciden** cos establecidos no proxecto do enxeñeiro de caminos Miguel A. Fernández Rivera e incorporado ao expediente de contratación núm. 2021/C003/000007, coa salvedade do novo prezo introducido, que non consta no proxecto, o cal tamén se axusta a mercado. Polo tanto, a xuízo de quen subscribe, procede aprobar a Certificación nº 3 e final do contrato de obras “Reparación de estradas en Beceiros, Domondó, Fradigas, etc” (e a correspondente factura núm. 1220045 de 05/08/2022)
- TERCEIRA.- A vista de dito informe de Intervención, este servizo ten a ben indicar o seguinte respecto a omisión do trámite referido:
 - Achegase ao expediente informe do Director de obra de data 10/08/2022 que literalmente di:

“La presente certificación es la última certificación de las ordinarias. Por tanto, se puede dar por finalizadas las obras y, por tanto, realizar la visita a la zona de las obras para firmar el acta de recepción de las mismas por parte del ayuntamiento de Valdoviño.

En la presente certificación se ha introducido un precio nuevo. Esto es debido a que en la reparación de la carretera denominada como “O Penso” se incluía la ejecución de varias salvacunetas con tubo de PVC de 400 mm de diámetro nominal para permitir el acceso a varias propiedades. Sin embargo, durante la ejecución de las obras se ha comprobado que en algunas entradas este diámetro provocaría tener que realizar una cuneta de mayor profundidad que con un tubo de PVC de 315 mm la cual no es necesaria ni beneficiosa para la carretera. Además, debido al tipo de cuneta y margen en el que se sustituyen no provocará mayores tareas de mantenimiento ni problemas por capacidad hidráulica dicho tubo de menor diámetro. Por tanto, se ha decidido substituir el tubo de PVC de 400 mm por un tubo de PVC de las mismas características, pero de 315 mm de diámetro nominal. Es por ello que se ha incluido un precio nuevo para certificar dicha unidad. Por tanto, se ha disminuido la medición de salvacunetas con tubo de PVC de 400 mm y se ha substituido por medición de salvacunetas con tubo de PVC de 315 mm. Tal y como se expone en el punto 4 artículo 242 de la ley de contratos del sector público, no tendrán la consideración de modificaciones: “La inclusión de precios nuevos, fijados contradictoriamente por los procedimientos establecidos en esta Ley y en sus normas de desarrollo, siempre que no supongan incremento del precio global del contrato ni afecten a unidades de obra que en su conjunto exceda del 3 por ciento del presupuesto primitivo del mismo.”

Así mismo, el resto de mediciones de la obra se han ajustado a lo realmente ejecutado en las obras, obteniendo el resultado de la presente certificación.”

- A pesares de non levarse a cabo o procedemento contradictorio ao que se refire a LCSP, a certificación nº 3 e final está asinada tanto polo director de obra como polo contratista, de xeito que se entende aceptada polo contratista a introducción do novo prezo.

- CUARTA.- Este servizo non considera oportuno facer novas observacións o referido informe de Omisión da Función Interventora.

(..)”

Resultando que o Informe da Interventora expresamente dispón que se o Órgano Xestor manifesta que as prestacións se axustan ao prezo de mercado non é necesario instar a revisión do acto, sendo suficiente que a Xunta de Goberno Local resolva sobre a aprobación da obriga polo importe do gasto.

Considerando que a non aprobación da certificación nº 3 e final do contrato de obras “Reparación de estradas en Beceiros, Domondó, Fradigas, etc” “de data 05/08/2022 así como o impago da correspondente factura núm. 1220045 de 05/08/2022, produciría un trastorno grave na actividade municipal que prexudicaría enormemente os intereses xerais do municipio, dado que se podería considerar que se produciría un enriquecemento inxusto da Administración, e en caso de non proceder ao pagamento do gasto indicado, con toda seguridade o perxudicado dirixiríase aos tribunais cumprindo cos criterios que a xurisprudencia esixe para o enriquecemento inxusto. A condena ao pagamento a cargo do Concello incluíría ademáis as custas procesais e os xuros de demora.

Dado que se constatou a realización da obra mediante a certificación nº 1 asinada polo Director de obra , e que o prezo se axusta ao de mercado.

E comprobouse a existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente para satisfacer o importe do gasto. Consta documento contable D nº 220220006976 con saldo por importe de 75.255,55, aplicación orzamentaria 453-61900.

Considerando que o artigo 28.2 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local – RCI-, atribúe ao Alcalde a competencia para adoptar a resolución procedente. Polo que se expuxo,

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobación da certificación de obra nº 3 e final” “Reparación de estradas en Beceiros, Domondó, Fradigas, etc” do Concello de Valdoviño e a correspondente factura núm. 1220045 de 05/08/2022 con número de rexistro contable F/2022/1914, presentada por FACE, e emitida por SYR-AMG, S.L. en data 05/08/2022 e presentada no rexistro electrónico de facturas en data 05/08/2022 por importe de 59.316,84 euros.

SEGUNDO.- Ordear o pago do gasto mencionado no punto anterior, así como recoñecer o dereito do Concello de Valdoviño ao cobro das taxas enunciadas no artigo 6 da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación de servizos, inspección e dirección de obras realizadas polos técnicos competentes. Así, o tipo de gravame a aplicar será o 3% e o 1% do presuposto de execución material pola dirección e inspección de obra e coordinación de seguridade e saúde, respectivamente. Polo tanto, ao importe total da certificación nº 3 e final correspondente a obra “Reparación de estradas en Beceiros, Domondó, Fradigas, etc” deberán descontárselle 1.345,07 euros pola dirección e inspección de obra e 448,36 euros respecto a coordinación de seguridade e saúde.

TERCEIRO.- Trasladar o presente acordo ao Órgano Xestor, á Intervención, á Tesourería Municipal para o seu coñecemento e efectos oportunos, e o Pleno en primeira sesión que se celebre.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

Asdo.- Alberto González Fernández
Alcalde do Concello de Valdoviño”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos catro membros asistentes á sesión acordou a probación da proposta de Alcaldía sinalada.

6º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión, ás dez horas e vinte minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

/Documento asinado electrónicamente á marxe pola secretaria municipal e polo alcalde/